



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MESÍA

*Designación membros tribunal cualificador e fixación da data para a valoración de méritos do proceso selectivo estabilización de emprego para a cobertura de catro prazas de auxiliar de axuda a domicilio a media xornada*

Por Decreto de Alcaldía 240/2023, do 12/06/2023, aprobouse a designación dos membros do tribunal cualificador e a fixación da data para a valoración de méritos do proceso selectivo de estabilización de emprego para a cobertura de catro prazas de auxiliar de axuda a domicilio a media xornada:

“**DON MARIANO IGLESIAS CASTRO**, Alcalde en funcións do Concello de Mesía, A Coruña, en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1 h) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 61.1 h) da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Mediante Decreto da Alcaldía núm. 163/2022, do 20 de maio de 2022, aprobouse a oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Mesía para o ano 2022, para a estabilización do emprego temporal. A dita aprobación publicouse no BOP núm. 98, do 25 de maio de 2022 e no DOG núm. 102, do 30 de maio de 2022.

Mediante Decreto de Alcaldía núm. 494/2022, de data 14/12/2022, aprobáronse as bases xerais e específicas da convocatoria dos procesos selectivos de estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público de 2022. As ditas bases publicáronse no BOP núm. 238, de 19 de decembro de 2022 e a súa convocatoria publicouse no BOE núm. 311, de 28 de decembro de 2022.

Mediante Decreto de Alcaldía núm. 58/2023, de data 24/02/2023, aprobouse a lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as nas prazas incluídas na dita convocatoria, a cal foi publicada no BOP núm. 41, de data 01/03/2023.

Mediante Decreto de Alcaldía núm. 136/2023, de data 19/04/2023, aprobouse a lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as nas prazas incluídas na dita convocatoria, a cal foi publicada no BOP núm. 77, de data 24/04/2023.

Mediante Decreto de Alcaldía núm. 188/2023, de data 12/05/2023, aprobouse a corrección de erros na lista definitiva de admitidos/as-excluídos/as nos procesos selectivos de estabilización de emprego temporal do Concello de Mesía, a cal foi publicada no BOP núm. 94, de data 19/05/2023.

**Primeiro.-** Nomear o seguinte tribunal avaliador do proceso para a provisión en propiedade de catro prazas de persoal laboral fixo de auxiliar de axuda a domicilio a media xornada:

Presidenta titular: Dona María Viqueira Iglesias, traballadora social do Concello de Cerceda.

Presidenta suplente: Dona Ana Álvarez Soutullo, traballadora social do Concello de Oroso.

Vogais titulares

1. Dona María Hermitas Sánchez González, traballadora social do Concello de Sobrado.
2. Dona Guadalupe Vázquez Ascaris, traballadora social do Concello de Toques.
3. Dona María Amparo Iglesias Puente, traballadora social do Concello de Bergondo.

Vogais suplentes

1. Dona Rocío Núñez Rúa, educadora familiar do Concello de Oroso.
2. Dona Mónica Rodríguez Palacio, traballadora social do Concello de Tordoia.
3. Dona Ana María Vallo Camba, aedl do Concello de Boimorto.

Secretario titular, con voz e voto: Don Eladio Bendaña Pardo, Secretario - Interventor do Concello de Mesía.

Secretario suplente: Don Jorge Eduardo Rodríguez Fernández, Secretario-Interventor do Concello de Paderne.

**Segundo.-** Convocar aos membros do Tribunal Avaliador para que o día 20/06/2023 ás 10:00 horas, concorran na Casa Consistorial do Concello de Mesía, co obxecto de proceder á súa constitución e ao inicio do proceso selectivo coa valoración dos méritos presentados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes.

**Terceiro.-** Notificar a presente resolución aos membros do tribunal cualificador.

**Cuarto.-** Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios municipal (sede electrónica).”

Mesía, 13 de xuño de 2023

Asdo. Mariano Iglesias Castro. Alcalde en funcións.

2023/4707